

CTO. GALEGO DE NATACIÓN INFANTIL INVERNO XUNTA DE GALICIA

Tempada 2025/26. Circular 25-20.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico en dúas xornadas cunha dobre sesión cada unha.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 10:00 horas e as da tarde ás 17:00 horas. A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes 120 minutos antes do comezo de cada sesión e 30 minutos despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.
5. Haberá quendas rotativas de quecemento durante as diferentes sesións se fora necesario.

2. Programa de probas

Sábado mañá: Sesión 1	Domingo mañá: Sesión 3
1. 100 m Libre Feminino 2. 50 m Libre Masculino 3. 400 m Estilos Feminino 4. 100 m Costas Masculino 5. 50 m Costas Feminino 6. 200 m Bolboreta Masculino 7. 200 m Bolboreta Feminino 8. 1500 m Libre Masculino 9. 100 m Estilos Masculino* 10. 4x200 m Libre Feminino	21. 200 m Libre Masculino 22. 400 m Libre Feminino 23. 200 m Braza Masculino 24. 200 m Braza Feminino 25. 200 m Costas Masculino 26. 200 m Costas Feminino 27. 50 m Bolboreta Masculino 28. 50 m Bolboreta Feminino 29. 800 m Libre Masculino 30. 4x100 m Libre Feminino 31. 4x100 m Libre Masculino
Sábado tarde: Sesión 2	Domingo tarde: Sesión 4
11. 100 m Libre Masculino 12. 50 m Libre Feminino 13. 400 m Estilos Masculino 14. 100 m Braza Feminino 15. 100 m Braza Masculino 16. 100 m Costas Feminino 17. 50 m Costas Masculino 18. 1500 m Libre Feminino 19. 100 m Estilos Feminino* 20. 4x200 m Libre Masculino * disputarase no caso de que a Competición se celebre en piscina de 25 metros.	32. 200 m Libre Feminino 33. 400 m Libre Masculino 34. 100 m Bolboreta Feminino 35. 100 m Bolboreta Masculino 36. 200 m Estilos Feminino 37. 200 m Estilos Masculino 38. 50 m Braza Feminino 39. 50 m Braza Masculino 40. 800 m Libre Feminino 41. 4x100 m Estilos Masculino 42. 4x100 m Estilos Feminino

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculino. Nacidos nos anos 2012 e 2011.
 - b) Feminino. Nacidas nos anos 2012 e 2011.
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento e que teñan acreditada a marca mínima.
3. Cada nadador poderá participar nun máximo de catro probas individuais e todas as remudas.
4. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais só poderán participar nas probas indicadas no anexo I.
5. Non hai limitación no número de nadadores por club e proba.
6. Cada club poderá inscribir un único equipo de remudas por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben sumando os tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou ben se realice nunha remuda con nadadores incluídos nas categorías de referencia.
7. O nadador que non se presente a unha proba para a que estea inscrito poderá participar noutras na mesma sesión cunha penalización económica.
8. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscrición e remitirase á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. As inscricións para o campionato deberán ser recibidas pola FEGAN con 12 días de antelación ao comezo da competición, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que a recibiu a FEGAN. Non se admitirán inscricións unha vez que es listas definitivas sexan publicadas. Si poderanse facer modificacións antes da publicación definitiva mediante unha penalización económica.
3. Os nadadores que participen só en remudas deberán inscribirse na proba extra que se creará nas inscricións do campionato para tal efecto (normalmente 25 libre mixto).
4. Os nadadores con discapacidade inscribiranse segundo o anexo II deste regulamento.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.
2. Os criterios de puntuación serán os seguintes:
 - a) Para puntuar será necesario referendar a marca mínima da proba.
 - b) Só se terán en conta para puntuar en cada proba individual un máximo de dous nadadores por club, independentemente dos que participen. Os clasificados posteriormente non serán puntuados, e concederase o dereito a puntuar ao seguinte da clasificación que si teña dereito a puntuar.
 - c) Puntuarán os 16 primeiros clasificados en cada proba individual/remudas.
 - d) A puntuación nas probas individuais serán: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

e) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

3. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:

a) Mellor Marca Galega: 3 puntos.

b) Mellor Marca Nacional: 6 puntos.

4. Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.

b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.

c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Infantil de Verán.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados de cada proba por idade e sexo.

2. Medalla para os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo os criterios recollidos no regulamento do Comité Internacional de Natación Parolímpica (IPC Swimming). (Pódese descargar o regulamento na sección de circulares da FEGAN.)

3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

8. Marcas Mínimas

1. Serán as sinaladas na circular de marcas mínimas desta tempada para as categorías referidas a este campionato.

2. Teranse en conta as marcas obtidas entre o 1 de xuño do 2024 a o 1 de febreiro do 2026.

9. Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

10. Anexo II

1. A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN

FUNCIONAL na que se determine a clase na que se clasifican para cada estilo.

O custo da avaliación correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación, aconséllase levar os informes de lesións, se están dispoñibles.

2. As marcas de inscrición deberán terse obtidas en competicións oficiais, ben no calendario FEDDF ou FEGAN.

3. Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN nas que participen, serán aplicadas polos Xuíces e Árbitros da competición as recomendacións contempladas no Manual de Árbitros de Natación (CNA) no apartado No 18 Nadadores con Discapacidade.

4. No momento de tramitar a licenza de deportista, hai que sinalar que se trata dun nadador con discapacidade.

A Coruña, xullo 2025.